



A Asociación Pola Defensa da Ría de Pontevedra presentou esta semana as alegacións ao documento das Directrices de Ordenación do Territorio elaborado pola Xunta de Galicia: Estas normas, que deberan ter o obxectivo de definir un modelo territorial galego integrado, sustentable i equilibrado, están lonxe de representar un instrumento protector para a nosa contorna.

No noso informe de alegacións, que contén 23 puntos, rebatemos as eivas deste documento, que carece, por exemplo, de cuestións tan básicas como a denominación dalgunha figura de protección para as Rías Galegas, polo que a APDR propón que o DOT sexa unha ferramenta para elevar á categoría de Reserva da Biosfera as nosas Rías.

Reclamamos tamén a existencia dun Plano de Ordenación do Medio Rural que determine a xestión do territorio forestal, a súa protección e a súa explotación.

No apartado de Infraestructuras portuarias o DOT non menciona o cumprimento da sentenza dos recheos do Porto de Marín e límitase a “posibilitar proxectos para mellorar a integración urbana porto cidade”; na APDR consideramos que este documento deixa as portas abertas á continuación de recheos na zona, así como á instalación de infraestructuras industriais e loxísticas ligadas ao porto que non cumpren os parámetros de adaptación ambiental, paisaxística, topográfica e mesmo de accesos adecuados, e que están lonxe de resultar un beneficio para expansión industrial da Ría, sendo parte dun modelo fracasado non sustentable e nada planificado..

A APDR reparou na ausencia de protección contemplada para numerosos espazos naturais da Ría e arredores, entre eles a Illa de Tambo, o Río Tomeza, o Loira, o Monte Castrove, etc. Ausencia tamén de múltiples espazos de interese patrimonial e cultural, castros e áreas de importancia arqueolóxica que parecen non existir para este documento.

Por todo isto, esperamos que estas alegacións e aquelas outras presentadas por outros colectivos veciñais, culturais e defensa do medio ambiente sexan tidas en conta pola administración e o DOT non acabe por ser un instrumento máis da impunidade coa que as institucións destrúen o medio natural.

En Pontevedra, a 3 setembro de 2010

María Peón Torres (Secretaria)